



BOP

LUNS, 23 DE AGOSTO DE 2021

N.º 193

DEPUTACIÓN DE LUGO

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.gal

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

RECURSOS HUMANOS. SELECCIÓN DE PROMOCIÓN E CARREIRA

Anuncio

ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DA DEPUTACION PROVINCIAL DE LUGO DE DATA 13 DE AGOSTO DE 2021 NO QUE SE APROBA A CONVOCATORIA E AS BASES ESPECIFICAS PARA A COBERTURA DE 7 PRAZAS/ POSTOS DE CAPATAZ DE CAMIÑOS RESERVADAS A PROMOCIÓN INTERNA VERTICAL

A xunta de goberno da Deputación Provincial de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o día 13 de agosto de 2021, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

Na Oferta de Emprego desta Entidade para o ano 2018 (BOP 296, do 28.12.2018), inclúense as prazas/postos números 932/1506, 933/1507, 934/1508, 935/1509, 936/1510, 937/1511, 938/1512, denominadas Capataz, Grupo C, Subgrupo C1, do Cadro de persoal funcionario, reservadas a Promoción Interna vertical, vacantes dotadas.

Visto que no cadro de persoal están vacantes e dotadas 7 prazas denominadas CAPATAZ DE CAMIÑOS, reservadas a promoción interna vertical.

Visto que na RPT están vacantes e dotados os postos denominados CAPATAZ asociados ás prazas antes mencionadas.

Constatándose a necesidade da cobertura das praza que a continuación se relaciona, propónse á Presidencia que eleve a presente proposta á Xunta de Goberno para que segundo as facultades que lle confire o artigo 59.5 do vixente Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo de data 30.06.2020 (publicado do BOP núm. 202, do 3.09.2020), ACORDE:

O presente documento estará
exposto no Taboeiro de
Anuncios desta Deputación
desde o día 23 AGO. 2021
ata a día 23 OCT. 2021
O XEFE DA UNIDADE
PORTERÍA E VIXIANCIA

O presente documento estará
 exposto no Taboeiro de
 Noticias da Deputación
 desde o día 23 AGO. 2021
 ata a día 23 OCT. 2021

1º Aprobar a convocatoria para prover as seguintes prazas/postos, reservadas a promoción interna vertical:

OEP	núm. vacantes	Nº PRAZAS	denominación praza/POSTO	RX	Clasificación	Grupo/subgr	nº posto
2018	7	932 933 934 935 936 937 938	CAPATAZ DE CAMIÑOS/CAPATAZ	F	Escala de administración especial, subescala servizos especiais, clase persoal de oficios, categoría mestre	C-C1	1506 1507 1508 1509 1510 1511 1512

2º.- Que a presente convocatoria se rexa polas bases xerais aprobadas pola Xunta de Goberno de data 13.03.2020 para os procesos selectivos para cubrir prazas de persoal funcionario e laboral, reservadas a promoción interna (vertical e/ou horizontal) na deputación provincial de Lugo. (BOP 089, de 20.04.2020-corrección erros BOP 112, de 18.05.2020)

3º Aprobar as bases específicas que complementarán as bases xerais que rexeran o procedemento selectivo para cubrir sete prazas/postos de Capataz de camiños / Capataz, reservadas a promoción interna vertical.

4º Convocar publicamente a quen, cumprindo os requisitos enumerados nas bases xerais e específicas, desexe participar no correspondente proceso selectivo.

5º Ordenar a publicación da presente convocatoria e das bases específicas, nos boletíns oficiais e lugares que se determinen nas bases xerais.

6º Realizar cantos trámites sexan necesarios para levar a cabo o correspondente procedemento selectivo.

BASES ESPECÍFICAS PARA CUBRIR 7 PRAZAS DENOMINADAS CAPATAZ DE CAMIÑOS, DO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, RESERVADAS Á PROMOCIÓN INTERNA VERTICAL .

1) OBXECTO.

É obxecto das presentes bases específicas complementar o procedemento xeral de selección establecido nas bases xerais aprobadas pola Xunta de Goberno de data 13.03.2020 para os procesos selectivos para cubrir prazas de persoal funcionario/laboral, reservadas a promoción interna (vertical e/ou horizontal) na Deputación Provincial de Lugo, publicadas nos Boletíns Oficial da Provincia números 089 do 20.04.2020 e 112 de 18.05.2020

2) CARACTERIZACIÓN DAS PRAZAS.

OEP	núm. vacantes	Nº PRAZAS	denominación praza/POSTO	RX	Clasificación	Grupo/subgr	nº posto
2018	7	932 933 934 935 936 937 938	CAPATAZ DE CAMIÑOS/CAPATAZ	F	Escala de administración especial, subescala servizos especiais, clase persoal de oficios, categoría mestre	C-C1	1506 1507 1508 1509 1510 1511 1512

3) COMETIDO FUNCIONAL.

O cometido funcional destas prazas establécese no Capítulo IV do Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local. En canto ao cometido funcional dos correspondentes postos de traballo será o sinalado na vixente Relación de Postos de Traballo ou, se é o caso, disposición que a substitúa. En ausencia dos anteriores instrumentos, os ocupantes realizarán as funcións que lles sexan atribuídas por calquera outra norma ou polo correspondente superior xerárquico.

4) REQUISITOS ESPECÍFICOS DOS ASPIRANTES.

Como complemento a base xeral 5.a), as persoas aspirantes deberán estar en posesión do título de Bacharelato ou equivalente e posuír unha antigüidade de cando menos, dous anos de servizo activo como funcionario de carreira, na Escala de administración especial Subescala servizos especiais, Clase Persoal de Oficios, Categoría Mestre, Grupo C, Subgrupo C2 , praza Capataz de camiños.

Ademais deberán estar en posesión de acreditar o carne de conducir B.

Así mesmo, segundo a Disposición adicional vixésimo segunda da Lei 30/1984, de 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública a ausencia de titulación académica pódese obviar posuíndo unha antigüidade de dez anos na Escala de administración especial, Subescala servizos especiais, grupo C -subgrupo C2, ou cinco

anos e a superación dun curso de formación específica ao que se accederá por criterios obxectivos e art. 10.4 do Regulamento de acceso, promoción e carreira (BOP nº 226, 30.09.2006)

5) PROCEDIMIENTO DE SELECCIÓN. FASE DE OPOSICIÓN.

Consistirán na superación dos seguintes exercicios

5.1 EXERCICIO – PRÁCTICO

Esta proba consistirá na realización dun suposto práctico relacionado coas materias do programa establecido na base específica 6 e poderá consistir na formulación de distintas preguntas-simulacións, elaborar informes ou propostas ou calquera outra actuación na que se poda comprobar as habilidades e capacidade de resolución das persoas aspirantes.

O tempo máximo para realizar o exercicio será determinado polo Tribunal.

Os exercicios poderán ser lidos pola persoa aspirante diante do Tribunal na data que este determine, podendo asistir ao devandito acto as demais persoas participantes nesta proba.

O Tribunal poderá formular preguntas sobre o contido do exercicio ou solicitar aclaracións de xeito que lle permita formar unha opinión máis precisa das habilidades profesionais de cada aspirante.

Neste exercicio valorarase a capacidade de análise e a aplicación razoada dos coñecementos teóricos á resolución dos problemas prácticos formulados.

A puntuación deste exercicio será de 60 puntos, sendo a puntuación mínima para superalo 30 puntos.

Este exercicio ten carácter obrigatorio e eliminatorio.

Exención de materias: ver base xeral 10.1.2

5.2 PROBA DE GALEGO.

Consistirá na realización dunha tradución dun texto do castelán ao galego ou do galego ao castelán no tempo máximo de 45 minutos.

Estarán exentos de realizar esta proba as persoas aspirantes que acrediten posuír o nivel de galego Celga 4 ou título equivalente debidamente homologado.

Esta proba valorarase como apto ou non apto e será necesario para superalo obter o resultado de apto.

A proba terá carácter obrigatorio e eliminatorio.

6) PROGRAMA DE ACCESO A PRAZAS DE CAPATAZ DE CAMIÑOS, ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL, SUBESCALA SERVIZOS ESPECIAIS, CLASE PERSOAL DE OFICIOS, CATEGORÍA MESTRES, GRUPO C- SUBGRUPO C1, DO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, PROMOCIÓN INTERNA.

6.A) MATERIAS COMÚNS

TEMA 1: A Constitución Española de 1978. Aspectos esenciais desta. Dereitos e deberes fundamentais dos españois.

TEMA 2: Principais órganos do Estado: a Coroa e as Cortes Xerais.

TEMA 3: O Goberno e a Administración na Constitución Española.

TEMA 4: A organización territorial do Estado. Distintas Administracións Públicas. A administración do Estado, autonómica e local.

TEMA 5: A Comunidade Autónoma de Galicia. Idea esencial das súas competencias. A súa organización institucional.

TEMA 6: A provincia como entidade local. Competencias. A Deputación Provincial de Lugo: organización básica, complementaria e administrativa.

TEMA 7: Principios de actuación da Administración Pública: eficacia, xerarquía, descentralización, desconcentración e coordinación. A administración electrónica.

TEMA 8: O persoal ao servizo das Corporacións Locais. Dereitos e deberes dos funcionarios ao servizo da Deputación Provincial de Lugo.

6.B) MATERIAS ESPECÍFICAS:

TEMA 9: O Servizo de Vías e Obras na Deputación Provincial de Lugo. Organización e funcionamento.

TEMA 10: Funcións dun capataz do Servizo de Vías e Obras. Organización e planificación.

TEMA 11: Procedementos e maquinaria a empregar para a realización das funcións de capataz en vías e obras.

TEMA 12: Rede viaria da Deputación Provincial de Lugo. Características

O presente documento estará exposto no Taboaleiro de Anuncios desta Deputación desde o día 23 AGO. 2021 ata a día 23 OCT. 2021
O XEFE DA UNIDADE PORTERÍA E VIXIANCIA

- TEMA 13:** Catálogo de estradas da Deputación Provincial de Lugo. Composición. Distribución. Aforos.
- TEMA 14:** Lei de Estradas de Galicia. Protección dominio público viario. Delimitación de zonas. Usos autorizables. Autorizacións.
- TEMA 15:** Lei de Estradas de Galicia. Usos autorizables. Autorizacións. Declaración Responsable
- TEMA 16:** Conservación viaria. Vialidade. Conservación ordinaria e extraordinaria.
- TEMA 17:** Conservación viaria. Actividades de mellora. Actividades de uso e defensa.
- TEMA 18:** Conservación viaria. Vialidade invernal. Equipos, maquinaria e produtos utilizados
- TEMA 19:** Explotación e vixiancia de estradas. Expedientes de explotación de estradas. Tramitación. Informes técnicos. Infraccións. Tramitación de denuncias. Sancións.
- TEMA 20:** Traballo con persoal e equipos propios. Conservación contratada. Tipos de operacións. Organización. Control.
- TEMA 21:** Proxectos de obras de estradas. Memoria. Anexos. Planos. Prego de Condicións. Planos. Orzamento. Servizos afectados.
- TEMA 22:** Nocións xerais de interpretación dos planos: Escalas, curvas de nivel. Planos parcelarios.
- TEMA 23:** Medicións proxectos. Medicións obras.Reformulo de obras.
- TEMA 24:** Trazado en planta. Trazado en alzado. Seccións transversais. Unidades de obra para a execución de explanadas: tipos de terreo e medios.
- TEMA 25:** Explanacións en obras de estradas. Unidades Materiais. Maquinaria. Execución.
- TEMA 26:** Subbases granulares: tipos. Materiais e medios mecánicos.
- TEMA 27:** Tipos de tratamentos superficiais. Reparación de pavimentos asfálticos con tratamentos superficiais.
- TEMA 28:** Firmes flexibles: tipos. Materiais e medios mecánicos. Rehabilitación de firmes flexibles: Tipos. Materiais e medios.
- TEMA 29:** Obras de fábrica: tipos e características. Materiais. Medios para a súa execución.
- TEMA 30:** Formigón. Compoñentes. Fabricación e posta en obra.
- TEMA 31:** Obras de Fábrica e estruturas. Armaduras. Materiais. Maquinaria. Execución
- TEMA 32:** Muros en estradas. Tipoloxías y aplicacións. Elementos que os constituen.
- TEMA 33:** Control de calidade nas obras de estradas. Probas e ensaios.
- TEMA 34:** Drenaxe nas estradas. Tipos e características: cunetas, taxeas, etc. Medios mecánicos necesarios.
- TEMA 35:** Seguridade e saúde. Prevención de riscos nas obras de estradas. Disposicións mínimas de Seguridade e Saúde en las obras. Evaluación de riscos nas unidades de obra.
- TEMA 36:** Medios de protección individuais e colectivos en traballos de conservación.
- TEMA 37:** Sinalización de obras móbiles e fixas. Control de calidade.
- TEMA 38:** Sinalización vertical. Marcas viais.
- TEMA 39:** Sistemas de contención. Balizamento.
- TEMA 40:** Desbroces. Maquinaria. Execución. Plantacións en zonas de influencia de estradas.

Lugo, 18 de agosto de 2021. A SECRETARIA XERAL P.S. O SECRETARIO XERAL ADXUNTO, José Antonio Mourelle Cillero

R. 2474

O presente documento estará
exposto no Taboeiro de
Anuncios desta Deputación
desde o día 23 AGO. 2021
ata a día 23 OCT. 2021
O XEFE DA UNIDADE
PORTERÍA E VIXIANCIA